

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



PURA VÁZQUEZ

(Ourense 1918 - 2006)

Poeta, mestra e membro
correspondente da Real Academia

Galega, é a primeira muller en publicar
en galego logo da guerra civil.

Ilustracións: Tania Solla

Textos: Polo Correo do Vento

Pura foi unha rapaza amante da literatura

desde moi nova, o que a leva a estudar Maxisterio para ser mestra.

Unha parte da súa vida transcorre en Venezuela, onde dirixe un xardín
de infancia en Caracas e máis tarde desempeña o labor de secretaria
da Escola de Xornalismo.

Pura ten unha ampla traxectoria literaria. Comeza a publicar dende
moi nova poemas en xornais e revistas, escribindo tanto en galego
como en castelán, como por exemplo na publicación *La Zarpa*.

No ano 1952 publica *Íntimas*, obra totalmente escrita en galego.

Ao longo da súa vida obtén numerosos premios
e recoñecementos literarios.

Sabías que un poema
de Pura Vázquez
chamado *Caracol*
é lectura obrigatoria
nas escolas dos Estados Unidos?

MULLERES GALEGAS

emigrante

Procura na rede información sobre este poema.

Pura Vázquez viviu durante anos en Venezuela, traballando nun Xardín de Infancia e logo como secretaria na Escola de Xornalismo. Alí pertence á comunidade galega emigrante, xunto a figuras como Celso Emilio Ferreiro.

En Galicia somos un país de emigrantes.
Pregunta na túa familia se alguén tivo que emigrar e onde.

Atopa información das seguintes mulleres galegas
que traballaron fóra de Galicia e busca un país no que viviron:


Maruja Mallo, María Josefa Wonenburger, María Casares,
Ángeles Alvariño, Isabel Barreto

Sabías que cando
Pura Vázquez
subiu ao barco en Vigo
para marchar a traballar
a Venezuela, foron despedida
Francisco del Riego
e Domingo García-Sabell?

MULLERES GALEGAS

colorea

Atopa información sobre estas figuras.



Colorea esta muller
viaxeira.

Neste encrucillado
aparecen agochados
diferentes termos
relacionados coa vida de
Pura Vázquez.

MULLERES GALEGAS


encrucillado

Horizontais:

- 1 Cando viviu en Venezuela foi directora dun ... de infancia.
3 Nome dunha revista na que publicou as súas obras.
5 Aínda que cultivou diversos xéneros destaca por ser unha gran ...
8 Título de obra en galego de Pura Vázquez.

Verticais:

- 2 Cidade onde naceu e morreu.
7 Nome da súa irmá, que tamén foi escritora e mestra.
9 Foi ... correspondente da Real Academia Galega.
11 Profesión de Pura Vázquez.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



Pacto de Estado
contra la violencia de género



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade

Pura Vázquez foi
dende moi nova
unha gran lectora.
Entre as súas primeiras lecturas
atopáanse os libros de Selma Lagerlöf.

MULLERES GALEGAS

le

Procura máis sobre esta escritora Premio Nobel de Literatura.

Pura Vázquez tiña paixón polo seu traballo como mestra.
Escribe unha carta de agradecemento a algunha mestra
que te marcase, contando o moito que aprendiches grazas a ela.

Pura Vázquez escribiu estas tres obras para nenos e nenas.
Por que non as les?

Rondas de norte a sur: poesía infantil

Versos para os nenos da aldea.

Un niño para xílgaros cantores



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1				X	A	R	D	I	N		
2							O				
3					Z	A	R	P	A		
4							A		C		
5	P	O	E	T	A				A		
6		U							D		M
7		R							E		E
8		E			I	N	T	I	M	A	S
9		N							I		T
10		S							C		R
11	V	E	N	E	Z	U	E	L	A		A

